

O primeiro exame (exame escrito) levarase a cabo o día 31 de maio de 2018 as 10:00 horas no salón de actos do IES Poeta Díaz Castro sito na Rúa Xermade de Guitiriz.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP, no taboleiro de edictos e na páxina web e na sede electrónica (guitiriz.sedelectronica.gal) municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Guitiriz, 17 de abril de 2018A alcaldesa, Regina Polín Rodríguez

R. 1061

LOURENZÁ

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 13/04/18 o Padrón da Taxa de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos do primeiro trimestre de 2018, expónse ao público na Secretaría do Concello por prazo de quince días a efectos de exame e reclamacións, quedando elevada a definitiva dita aprobación no caso de que non se presentaran reclamacións.

Establécese como período de cobro en voluntaria do 2 ó 21 de maio de 2018.

Lourenzá, 13 de abril do 2018.- A ALCALDESA, Rocio López García

R. 1062

LUGO

Anuncio

Estando en trámite neste Concello, expediente para INCOAR EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTACIONAMENTOS PARA VEHÍCULOS AUTOMÓBILES NAS PRAZAS DE SANTO DOMINGO, FERROL E DA CONSTITUCIÓN CONCRETAMENTE AS DIMENSIÓNS DAS PRAZAS DE APARCADOIRO PARA A SÚA ADAPTACIÓN Á NORMATIVA VIXENTE NA ACTUALIDADE, E EN CONCRETO AO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA, de conformidade co disposto no artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, expónse ó público polo prazo de VINTE DÍAS HÁBILES, para os efectos do seu exame e reclamacións.

O expediente atópase de manifesto no Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, sito no Centro de Servizos Municipais, na Ronda da Muralla, nº 197, 3ª planta, en horario de oficina.

Lugo 17 de abril de 2018.- A ALCALDESA, P.D. A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto.

R. 1063

MONDOÑEDO

Anuncio

APROBACIÓN, DA MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS.

O Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 13 de abril do 2018, acordou:

PRIMEIRO.- Proceder á modificación do Plan Estratéxico de Subvencións aprobado polo Concello Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2017, nos seguintes termos:

a) Modificar no artigo 6 engandindo unha nova liña de subvencións:

Liña 2: Fomento da implantación empresarial.

b) Modificar o capítulo IV do actual Plan, que pasará a denominarse:

CAPÍTULO IV. SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE FOMENTO DA IMPLANTACIÓN EMPRESARIAL.

Artigo 8.

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a dinamización económica do municipio e o impulso de iniciativas empresariais.

b) Prazo: Convocatorias anuais.